

DECRETO

O pasado 11/02/2020 constituíuse o Consello Sectorial Municipal de Benestar Social no que participan algunhas das entidades de carácter social máis representativas do Concello.

Entre as funcións do citado Consello, enumeradas no artigo 5 do seu Regulamento, se atopan as de asesoramento; fomento do asociacionismo vencellado coa política social; colaboración e coordinación entre as entidades; establecemento de mecanimos para a participación, información, estímulo e seguemento das actividades relacionadas coas materias integradas na área de Benestar Social; canalización de denuncias; fomento na aplicación de políticas e actuacións municipais en materias integradas na área de Benestar Social.

Tendo coñecemento do interese doutras moitas entidades sociais de participar neste Consello e considerando que a súa integración redundaría nunha mellor consecución dos fins do dito órgano de participación Cidadá, resolvo:

Primeiro.- Abrir un prazo, durante todo o mes de outubro, para a presentación de novas solicitudes de participación no Consello Sectorial Municipal de Benestar Social.

As solicitudes deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 6 do Regulamento.

Segundo.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios da páxina web municipal

Ferrol

A concelleira delegada da
Área de Benestar Social

Ante min,
A secretaria xeral accidental